

Programa electoral do Decanato da Facultade Ciencias Empresariais e Turismo (eleccións ao decanato 9-4-2019)

O equipo decanal da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo de Ourense (FCETOU) está formado por:

Decana: María Montserrat Cruz González.

Secretario: Alberto Vaquero García.

Vicedecano de organización académica e alumnado: Francisco Tugores Martorell.

Vicedecano de estudos de grao e TFG: Francisco Javier Sánchez Sellero.

Vicedecano de calidade: Juan Manuel de los Ríos Sánchez.

Vicedecana de relacións internacionais: Elena Rosa de Prada Creo.

Principais retos

- Continuar o labor de internacionalización da nosa Facultade.
- Promover e promocionar as prácticas nas empresas.
- Potenciar os servizos ao alumnado.
- Proseguir a labor de interrelación con outros centros do campus, en especial coa Facultade de Dereito, Escola Superior de Enxeñería Informática e Facultade de Historia.
- Incrementar a nosa relación coa actividade desenvolvida polo Campus da Auga
- Facer máis atractiva a nosa facultade ao alumnado: aumentar os servizos prestados ao alumnado, colaborando máis activamente naquelas actividades desenvolvidas pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.
- Aumentar a proxección internacional da nosa Facultade.
- Seguir apostando pola mobilidade do alumnado, o PDI e o PAS.

Obxectivos

- Potenciar unha maior relación e implicación do noso centro coa sociedade.
- Poñer en valor, cara á sociedade, os traballos de investigación e transferencia que se fan desde o noso centro.
- Consolidar o bo canal de comunicación cos distintos colectivos que forman a nosa Facultade.

Propostas para o PDI

- Continuar coa oferta de dobres titulacións e favorecer a interrelación co profesorado dos centros implicados.
- Poñer en valor os grupos de investigación e intensificar a internacionalización daqueles xa existentes.
- Apostar pola mobilidade do PDI e a súa participación en proxectos interdepartamentais, intercentros, interuniversitarios e internacionais.
- Dar a coñecer á provincia de Ourense o potencial que ten o noso PDI para desenvolver iniciativas e traballar en proxectos e actividades promovidas por entidades públicas ou privadas.
- Potenciar a transferencia de coñecemento que se fai dende a nosa Facultade.
- Revisión e actualización, dentro das competencias da Facultade, das normativas para mellorar o funcionamento do noso centro.

Propostas para o PAS

- Manter a implicación do PAS na xestión e nas iniciativas que se levarán a cabo dende a nosa Facultade.
- Apoiar a formación do PAS.
- Potenciar unha comunicación máis fluída co PAS en todas as accións de mellora na Facultade, especialmente naquelas que se traduzan en acadar unha maior calidade da xestión administrativa.

Propostas para o alumnado

- Implicar ao alumnado nas actividades desenvolvidas pola nosa Facultade.
- Creación de ciclos de conferencias: cursos de procura de emprego, como realizar unha entrevista de traballo, etc.
- Potenciar a creación de asociacións de antigos alumnos.
- Continuar coa promoción da mobilidade dos estudantes e a difusión de información sobre ofertas de emprego, bolsas e axudas ao estudo.
- Incrementar a participación da delegación de alumnos e dos delegados/as de clase.
- Mellorar o funcionamento do Programa de Acción Tutorial (PAT).
- Desenvolver os programas de colaboración entre o alumnado da nosa Facultade e o tecido empresarial de Ourense.
- Mellorar o acondicionamento e os equipamentos das aulas, laboratorios e salas de estudo do noso centro.
- Adaptar a normativa dos TFG en función aos cambios aprobados pola Universidade.